

ACTA N.º 03 / 2020

SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

DATA	Xoves ,10 de DECEMBRO de 2020
HORA	18:30 horas
LUGAR	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> • PRESIDENTE: JOSÉ TOMÉ ROCA • VICEPRESIDENTA: PILAR GARCÍA PORTO • SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO • GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PSDG: ROBERTO GARCÍA PERNAS (SUPLENTE) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ (SUPLENTE) • MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA: FRANCISCO CAJOTO CASERÍO (TITULAR). • CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR). • ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR). • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO – APEHL: JACOBO GARCÍA- BOBADILLA PROSPER (SUPLENTE). • ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR). • ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: BEATRIZ PÉREZ PEREIRA (SUPLENTE)

1

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	1/26




	<ul style="list-style-type: none"> • ASOCIACIÓN GALEGA DE PROPIEDAD BALNEARIA – BALNEGAL: SANTIAGO VILLANUEVA FALQUE (SUPLENTE). • AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE) • XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.
--	---

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 04 de marzo de 2020.
- 2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 10 de setembro de 2020.
- 3.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2020.
- 4.- Aprobación, se procede, das modificacións das bases para a creación dos Premios Provinciais Lugo Cambia ao turismo e ...E para comer, Lugo da Gastronomía Lucense.
- 5.-Exposición dos resultados das enquisas de valoración da Rutas Fluviais no ano 2020.
- 6.-Resumo de execución do Plan Estratéxico de Turismo 2017 -2020.
- 7.-Rogos, preguntas e propostas.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	2/26



No Pazo Provincial de San Marcos con data 10 de decembro ás 18:30 horas, toma a palabra don José Tomé Roca, dando a benvida aos membros do Consello e cedéndolle a palabra ao Secretario, don José Antonio Mourelle Cillero, quen procede a comprobar a identidade dos asistentes mediante chamamento.


Toma a palabra o presidente do Consello de Turismo e pide desculpas xa que deberá ausentarse antes da finalización do acto. Ao mesmo tempo descúlpase en nome de dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, representante do Grupo Provincial do BNG pola súa Ausencia debido á corentena obrigada por ter contacto estreito cunha persoa positiva en Covid-19.

Comeza don José Tomé Roca agradecendo a presenza dos asistentes para continuar facendo un balance de final de ano e de repasar o traballo feito, pero tamén de pensar no futuro. Hoxe, con dobre motivo, porque, non só se pecha o 2020, senón que tamén remata o Plan Estratéxico de Turismo, que comprendía o período 2017-2020, afirma. Un Plan que foi unha ferramenta importante de organización e de planificación das políticas turísticas, a partir da colaboración permanente entre a Deputación de Lugo e o sector.

Engade que este foi un ano moi difícil, excepcionalmente difícil. Xa que a pandemia afectou, dun xeito especial e moi grave, ao turismo, á hostalería e ao comercio. Uns sectores que son estratéxicos na provincia de Lugo. O turismo, a hostalería e o comercio son un dos músculos da economía e do emprego lucenses, e un elemento clave para fixar poboación nas zonas do rural.

Tomé Roca sinala que, para facer unha valoración xusta do acontecido, débese facer un recoñecemento expreso do esforzo e do sacrificio feito polos profesionais destes sectores.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	3/26



Continúa detallando que a Covid-19 e as medidas tomadas para combater a súa propagación, foi unha proba sen precedentes: peches prolongados, cambios nos horarios, redución de capacidade e dificultades para planificar os servizos, entre outros contratemplos. Insiste en que os profesionais do turismo e da hostalería da provincia de Lugo afrontaron o reto dende unha responsabilidade e unha profesionalidade exemplares mantendo, ao mesmo tempo, e como é lóxico, as súas reivindicacións, que dende a Deputación de Lugo apoiamos.

O presidente do Consello de Turismo recalca que, no eido do Turismo, a pandemia deixou claras algunhas cousas que se deben ter en conta e aproveitar para o futuro en sentido positivo. Procede a enumeralas. A primeira delas: Que na provincia de Lugo temos un modelo turístico acertado. A aposta por un turismo de calidade, non masificado, sostible, de experiencias, na natureza, que pon en valor o patrimonio e que está revalidado nun momento no que as medidas sanitarias desaconsellan a masificación e as aglomeracións. A segunda cousa que esta crise deixa clara é a importancia de traballar xuntos, compartindo liñas directrices a medio e longo prazo. Tamén, a través do diálogo e da colaboración, este ano leváronse a cabo un bo número de iniciativas interesantes, que, dentro das competencias provincial e cos recursos dos que se teñen, axudaron ó sector a afrontar o impacto da crise, a adaptarse, e mesmo a reinventarse.

Continúa sinalando que non se trata de detallar agora todas as accións que se levaron a cabo, porque iso xa se fará ao longo desta reunión, pero menciona algunha delas como os encontros telemáticos celebrados baixo o lema “Abrindo as portas, o rexurdir do turismo”, nos que se abordou co sector o impacto da pandemia, escoitáronse as necesidades e recolléronse propostas. Tamén resalta o plan formativo para axudar ós profesionais da hostalería e do comercio a aplicar as medidas sanitarias dun xeito eficaz e pouco invasivo para os clientes. Don Tomé Roca apunta tamén a posta en marcha da campaña “EN LUGO, SI”, para axudar a manter e a reactivar o comercio local, a hostalería, o turismo e o conxunto dos sectores produtivos da provincia diante dos efectos da pandemia. Ao mesmo tempo recorda que se adaptaron as rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra, para poder mantelas en condicións de plena seguridade para os

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	4/26



viaxeiros. Mesmo coas prazas reducidas, a demanda foi bastante elevada, o que demostra que a xente quere un turismo de natureza, ao aire libre, e seguro. Recorda tamén a posta en marcha de iniciativas novas, aprobadas no seo deste mesmo Consello Provincial de Turismo, como a entrega dos premios Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo, á gastronomía lucense, uns premios sobre os que falará ao longo do Consello de Turismo sobre posibles melloras para a vindeira edición. Ao mesmo tempo sinala tamén a colaboración da Deputación de Lugo que fixo posible tamén que a provincia de Lugo fose a sede do I Congreso Nacional de Turismo Experiencial, un foro que contou con 50 expertos e profesionais e no que participaron un milleiro de persoas de 7 países de Europa e de América. Por último don José Tomé Roca apunta a importancia do ingreso da Deputación de Lugo na Ruta Transrománica, recoñecida polo Consello de Europa, converténdose no terceiro territorio de toda España, tras Santo Domingo de Silos e a cidade de Zamora, que entra nesta Rede, coa que situamos o románico da Ribeira Sacra no máis alto nivel de recoñecemento e visibilidade a nivel europeo. Unha Ruta da que empezan formando parte 10 bens patrimoniais, pero na que pretendemos incluír no futuro máis monumentos románicos de toda a provincia.

O presidente do Consello de Turismo afirma que a Deputación de Lugo ten un compromiso claro e fai unha aposta forte polo turismo, un compromiso que decidimos reforzar de cara ao ano 2021 para que, dentro das nosas competencias e cos recursos dos que dispoñemos, seguir axudando a manter e a recuperar a actividade na provincia. E considerouse que os orzamentos da institución provincial para o próximo ano aumentan un 10% en Turismo para reforzar as accións que desenvolve a Deputación para a promoción do turismo na provincia.

Continúa analizando o futuro e, para iso don Tomé Roca sinala que se porán en marcha dous novos programas específicos: un deles para fomentar o turismo interior e outro, para a promoción dos produtos de proximidade. Ao mesmo tempo sinala que se seguirá apostando tamén pola proxección nacional e internacional a través do Xacobeo 2021; apoiando a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, que tivo os seus inicios da man da Deputación de

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	5/26



Lugo coa recollida de firmas, e tamén a Reserva da Biosfera, xunto con outras accións que fomentan o interese do exterior na nosa provincia. Remata sinalando que no futuro seguirase incidindo nas cuestións que deixou claras a pandemia e apunta que se seguirá traballando para consolidar o noso modelo de turismo. Un turismo de calidade, sostible, de natureza, que pon en valor o patrimonio material e inmaterial da provincia; da man do sector turístico, con diálogo, con colaboración e con total transparencia, tal e como poderán ver nas explicacións que se darán nos distintos puntos da orde do día deste Consello Provincial de Turismo.

Finaliza a intervención o presidente do Consello de Turismo, don José Tomé Roca, e pásalle a palabra á Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada do Servizo de Promoción do Territorio e Turismo, dona Pilar García Porto. Don José Tomé Roca abandona o Consello Provincial de Turismo ás 18.45 horas tras desculpase.

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 04 de marzo de 2020.

Despois de ler o primeiro punto da orde do día, toma a palabra o Secretario para sinalar que hai que facer unha aclaración desta acta no senso que unha das entidades que participan neste Consello Provincial de Turismo non estaba incluída nin nos asistentes nin nos non asistentes, que era o Clúster de Turismo de Galicia e, polo tanto, no momento de aprobación da acta terase que incluír como non asistente ao Clúster de Turismo.

A posteriori a vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo pregunta aos asistentes se tiveron acceso á acta e hai algún problema para a súa aprobación. Ao non producirse ningunha cuestión relativa procédese á votación.

Quedando aprobada a acta da sesión ordinaria do 4 de marzo do 2020 por unanimidade.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	6/26



2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 10 de setembro de 2020.

Tras a lectura do segundo punto, Dona Pilar García Porto pregunta de novo aos asistentes se tiveron acceso á acta e se hai algún problema para a súa aprobación. Ao non producirse ningunha cuestión relativa procédese á votación:

Quedando aprobada a acta da sesión extraordinaria do 10 de setembro do 2020 por unanimidade.


3.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2020.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, dona Pilar García Porto indicando que entre a documentación que se lles achega está unha memoria de actuacións das principais accións levadas a cabo ao longo do 2020 por parte da Área de Turismo da Deputación Provincial de Lugo.

Comezando polas campañas de publicidade, que se incrementaron ao longo do ano 2020 incentivadas pola crise económica co fin de promover a provincia como destino turístico seguro. Entre ditas actuacións dona Pilar García Porto destaca a campaña en Guía El Viajero 2020 e máis na web; a publicidade na Revista Galega de Hostalaría e Turismo, publicación especializada do sector hostaleiro; anuncios e reportaxes nas publicacións Viajar con Hijos e Turismo Rural con Hijos; participouse con publicidade na Guía Turística da Cadena Cope; e ademais realizáronse especiais e monográficos en prensa: Especiais Praias en La Voz de Galicia; Campañas de Reactivación do turismo en diversos xornais, Especial “A Mariña: no pierdas el norte”; Monográfico sobre a Ribeira Sacra en El Progreso, elementos máis singulares do patrimonio inmaterial de A Mariña Lucense en El Progreso.

A maiores tamén se fixo unha campaña de promoción para a reactivación do turismo baixo o lema “EN LUGO, SI”. Esta campaña tivo como soporte principal

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	7/26



os medios xeralistas de maior tirada na provincia e no conxunto de Galicia, co fin de impulsar un turismo de proximidade na etapa post-confinamento e tal e como se pedira por parte do sector. Por último, outras campañas: Campaña para a difusión da Deputación de Lugo na ruta TRANSROMANICA, campaña de promoción das rutas fluviais, ambas en medios xeralistas.

Doutra banda, recorda que o día 27 de setembro entregáronse os primeiros premios Lugo Cambia ao turismo e ...E para comer, Lugo á Gastronomía.

Dona Pilar García Porto recorda que, este ano, tamén se realizou unha Colaboración co centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO) para acoller a exposición “Mar Interior: un océano de oportunidades no corazón de Galicia” que acolleu o Pazo de San Marcos en Lugo e amosou a preto de 800 estudantes diferentes obradoiros gratuítos co fin de que coñecesen diferentes metodoloxías para diferenciar especies, sesións prácticas e talleres sobre lixos mariños. Nesta actividade a Deputación sufragou os custos de transporte dos escolares e puxo en valor os recursos.

Apunta que, ao longo de 2020, a Deputación de Lugo estivo presente en feiras turísticas, pese a que este ano foi máis limitado debido a que moitas destas foron suspendidas pola pandemia. Aínda así estívose presente en Fitur 2020. Nesta feira e baixo o lema Lugo, ven!, presentáronse o día 23 de xaneiro dúas aplicacións desenvolvidas dende o Servizo de Turismo, isto é Inventrip e a app Lugo Cambia 360. Tamén se asistiu a Xantar 2020, que tivo lugar entre o 5 e o 9 de febreiro de 2020 e, ademais de asistir con stand propio tivemos degustación de Porco Celta, Galletas Mariñeiras, viño da Ribeira Sacra e Filloas co fin de promover a Festa da Filloa de Muimenta e, a maiores, tamén se celebrou un showcooking con produtos da provincia a cargo da Escola de Hostalería de Rosende.

Engade outros eventos de promoción como a colaboración co I Congreso Nacional de Turismo Experiencial, que tivo como sede a institución provincial e incluíu dúas xornadas previas de creación de experiencias turísticas dirixidas a empresas e profesionais, que ademais se testaron no congreso experiencial.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	8/26



Tamén se colaborou co Clúster de Saúde de Galicia no Fórum RIES20 sobre alimentación e calidade de vida a través da organización dunha cata virtual de produtos lucenses da que puideron desfrutar os asistentes da man dun cociñeiro da provincia. O que se fixo foi achegarlles unha mostra de produtos da provincia cos que participaron na cata.

Continúa indicando que o 17 de decembro a Deputación participará cun relatorio no II Congreso Ibérico de Turismo Deportivo. O relatorio versará sobre as rutas cicloturísticas da provincia de Lugo e, en concreto, sobre o proxecto Montaña de Lugo ciclista impulsado pola Deputación no territorio da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Fóra destas accións, a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, destaca outras que viñeron principalmente derivadas da pandemia ocasionada pola Covid – 19, a Deputación de Lugo levou a cabo unha serie de actuacións destinadas ao Sector Turístico. Entre estas actuacións destaca a habilitación dun Espazo Covid dentro da web de Turismo da Deputación de Lugo na que se intentou aglutinar toda a información que puidese ser de interese para o sector no referente á pandemia como lexislación, axudas, formación, accións preventivas, información, etc. Ao mesmo tempo fixéronse os encontros dixitais “Abrindo as portas, o rexurdir do turismo”, aos que xa se referiu o Presidente, coa finalidade de ver cal era a situación e avaliar a situación nun momento no que se comezaban a abrir as portas dos negocios e, ao mesmo tempo, buscar unha solución que beneficiase a todos os implicados no sector turístico. Esta actividade celebrouse ao longo de cinco sesións entre o 10 e o 17 de xuño e conseguiron o seu obxectivo, que era ser un espazo de intercambio de información, análise e debate.

Tamén cabe engadir a campaña “EN LUGO, SI”, mencionada anteriormente, co fin de fomentar a reactivación activando a confianza entre os visitantes. Entre outras tamén destaca a señora García Porto acción formativas como o deseño dun programa de formación online de 20 horas, cun apartado destinado á hostalaría, e cunha oferta de máis de 300 prazas destinadas a empresas e profesionais de concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes. A

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	9/26



finalidade desta acción era formar aos negocios e profesionais, en materia de medidas de prevención e hixiénico sanitaria sobre o Covid-19, pero sobre todo que os traballadores foran capaces de aplicar todas esas medidas sen que os clientes se sentiran incómodos nos establecementos.

Debido á crise sanitaria tamén se fixo unha dixitalización completa da información turística e, a través dela, ao longo do verán remitíuselles a todos os concellos da provincia información dixitalizada, ademais de outra información, a través de códigos QR para que os turistas e visitantes puidesen acceder a información de xeito telemático e evitando o uso de papel e, polo tanto, reducindo o risco de contaxio por Covid.

Continúa expoñendo que a Deputación de Lugo presentou a candidatura de Ancares – Courel á convocatoria dos Plans de Sostenibilidade Turística en Destinos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, estando destinado a ser un dos instrumentos de colaboración e cogobernanza entre administración que habilitou o Goberno do Estado para favorecer a reconstrución da economía do país, neste caso, do sector do turismo, ante os efectos da pandemia da Covid-19. Pese a non ser un dos Plans seleccionados para Galicia, perseguía adaptar as estratexias de traballo ás novas demandas e preferencias dos consumidores para facer a contorna de Ancares – Courel máis competitiva, ante a actual crise do sector. Aínda que non fora elixido, si serve como base para seguir incrementando accións neste territorio.

Resalta tamén a incorporación á ruta Transrománica durante este ano, na que entrou a formar parte a Deputación de Lugo da asociación Ruta Transrománica que ten como obxectivo fundamental o estudo da arte románica europea e a promoción dos itinerarios artísticos a nivel internacional. Esta ruta, recoñecida co selo de Itinerario Cultural Europeo, pretende ser un impulso internacional, neste primeiro momento, para a Ribeira Sacra xa que os recursos que se incorporaron foron un por concello da Ribeira Sacra.

Tamén se desenvolveron con normalidade, dentro das posibilidades, actividades Fluviais no verán para dinamizar turísticamente os concellos da provincia,

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	10/26



dirixíndonos principalmente a aqueles máis pequenos e con maiores dificultades. Así, con todas as medidas necesarias de prevención fronte a Covid 19, leváronse a cabo nos concellos da Pontenova, Alfoz, Guitiriz e Navia de Suarna estas actividades nas que participaron máis de 600 nenos e nenas da provincia en diversas actividades acuáticas.

No ano 2020 dende a Deputación tamén se puxo a disposición, para empresas e particulares da provincia do banco de imaxes da Deputación co fin de poidan empregalas, de xeito gratuíto, para a promoción tanto dos negocios e concellos da provincia. A día de hoxe, conta con 48 imaxes representativas dos catro xeodestinos da provincia que están a disposición dos interesados previa solicitude ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. As imaxes deben ter unha calidade suficiente para poder destinalas a calquera finalidade.

O servizo de catamaráns da Deputación de Lugo funcionou con normalidade pese á crise como levan facendo dende algo máis de 30 anos, e volvemos ofrecer o servizo de rutas fluviais polo río Miño e o Sil dende os embarcadoiros de Belesar e Ponte do Sil. Debido as medidas de prevención da Covid-19 levadas a cabo nas rutas, a oferta de prazas dispoñible veuse reducida nun 50%, saímos a navegar como viñemos facendo ata agora e fixando uns horarios que limitasen a confluencia de público nos embarcadoiros e limitando o acceso aos barcos. Unha campaña que se iniciou o día 13 de xuño, con atraso xa que anteriormente estábamos todos confinados e non se podía poñer en marcha, e que se alongou ata o 13 de decembro

Menciona que tamén se levou a cabo o programa Lugo Termal dirixido aos tres balnearios da provincia. En outubro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras da nova edición deste programa que ofreceu 1.351 prazas en balnearios da provincia para maiores de 55 anos empadroados na provincia de Lugo. O programa, suspendido con motivo da pandemia da Covid-19, tiña unha duración prevista ata xuño de 2020, aínda que foi prorrogado ata o 31 de decembro. Ata a data de celebración do Consello Provincial de Turismo foron 1.020 as persoas beneficiarias do programa nesta última edición. A cada beneficiario solicitante

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	11/26



da opción de tratamentos con estadia incluída aplicóuselle un desconto de 60,50 euros que foron aportados pola Deputación.

Engade que tamén se continúa apostando, como se leva facendo estes anos, por un turismo máis tecnolóxico e dixital. Por isto, apoiouse a implantación da APP Turisgalicia na Mariña Lucense, coincidindo a súa presentación coa saída do peche da Mariña que trouxo unha repercusión negativa na provincia. De aí que, naquel momento parecíanos máis axeitado que nunca apoiar esta aplicación destinada ao turismo tecnolóxico e dixital e, precisamente, neste territorio. Ademais de ofrecer información clara e actualizada sobre os recursos patrimoniais, hostalaría, rutas, actividades ou eventos de interese para visitantes e residentes.

Continúa expoñendo que no ano 2020 a Deputación de Lugo vén de colaborar co Campus Terra da USC na edición dun Catálogo de Macromicobiota das Montañas do Courel sobre micoturismo. É un estudo de macrofungos nas montañas orientais lucenses que persigue unha aplicación práctica deste campo no desenvolvemento de plans de aproveitamento sostible, co que pretendemos unha colaboración no impulso ao micoturismo e a micogastronomía nesta provincia.

Indica que tamén se impulsou o turismo en redes sociais ao longo de todo este ano xa que se seguiu apostando pola difusión e a promoción da provincia a través das principais redes sociais. As actuacións neste eido, derivou nun incremento dun 21 % dos seguidores en Twitter, un 38 % en Instagram e un 4 % en Facebook, acadando esta última, preto de 11.821 usuarios a finais deste 2020. A maiores, o Servizo de Audiovisuais da institución provincial lanzou ao longo do ano unha serie de vídeos de curta duración, denominados “Descubriendo Lugo” onde se dan a coñecer, a través das diferentes redes sociais, os principais recursos da provincia.

Recorda tamén que en 2020 se firmaron convenios con distintas administracións, mantívose o Plan Único e tamén se acadaron acordos con diferentes colectivos e asociacións con achegas económicas. Finaliza sinalando

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	12/26



que no informe teñen unha relación das subvencións e do Plan Único. Aclara ademais que, algunhas das nominativas que constaban no orzamento de 2020, non aparecen na listaxe aclara que é porque se produciron renuncias por parte dos organizadores debido á situación sanitaria dado que non podían celebrarse.

4. -Aprobación, se procede, das modificacións das bases para a creación dos Premios Provinciais Lugo Cambia ao turismo e ...E para comer, Lugo da Gastronomía Lucense.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo para aclarar que estas bases xa tiveron algunha modificación previa celebración da primeira edición dos Premios Provinciais Lugo Cambia ao turismo e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Explica que se realiza un cambio no que, ata o de agora, para presentarse aos premios tiña que presentarse o propio interesado, con esta modificación un terceiro pode facer a inscrición. Aclara que o borrador das bases foron achegadas con anterioridade aos membros do Consello.


Procédese a votación para a aprobación das modificacións das bases para a creación dos Premios Provinciais Lugo Cambia ao turismo e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Votos a favor: 14 (Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Roberto García Pernas, Pablo José Taboada Camoira, José Jesús Novo Martínez, Francisco Cajoto Caserío, José Francisco Real Castro, Ángel Trabada Gómez, Jacobo García-Bobadilla Prosper, Juan Antonio Ribadulla Fernández, Beatriz Pérez Pereira, Santiago Villanueva Falque, María Nuria Neira Vila e Mercedes Lamela López)

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Francisco Xabier Almuíña Chorén)

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	13/26



Polo tanto, quedan aprobadas as modificacións das bases para a creación dos Premios Provinciais Lugo Cambia ao turismo e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

5. -Exposición dos resultados das enquisas de valoración da Rutas Fluviais no ano 2020.


A Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo presenta o estudo promovido dende o servizo de Turismo da Deputación de Lugo que ten como finalidade coñecer o perfil e o grado de satisfacción dos usuarios e usuarias das rutas fluviais da Deputación. A análise da demanda turística do xeodestino Ribeira Sacra convértese nunha ferramenta imprescindible á hora de ofrecer un destino dotado cuns servizos turísticos de calidade que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas que viaxan a este territorio.

Continúa detallando que se analiza unha mostra que se corresponde cos visitantes da Ribeira Sacra que se achegaron a desfrutar dos paseos en catamarán tanto da ruta que parte do embarcadoiro Ponte do Sil , como da ruta que parte do embarcadoiro de Belesar. Débese ter en conta que neste ano 2020 os servizos turísticos víronse gravemente alterados por mor da crise sanitaria e, no caso das Rutas Fluviais tívose que adiar o seu inicio, que estaba inicialmente prevista para o 1 de abril ademais de reducir a capacidade ó 50%.

Resalta outro dato que se reflicte nos resultados como é o escaso número de viaxeiros internacionais recollidos na mostra debido ás limitacións de mobilidade adoptadas con motivo da situación de excepcionalidade provocada pola crise sanitaria. Dona Pilar García Porto fai referencia á documentación que os asistentes poden atopar nas súas carpetas onde se inclúen as notas metodolóxicas coas principais conclusións.

O estudo destaca que tivo como poboación obxecto os usuarios das rutas, cuxos datos obtéñense dun cuestionario en liña anónimo que se envía ao correo electrónico dos usuarios das rutas despois da visita. O total de viaxeiros obxecto

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	14/26



de estudo son 20.539 dende xuño a outubro deste ano cun total de enquisas realizadas de 1.675 cunha marxe de confianza do 95%. Detalla que algúns dos datos extraídos son a compañía da viaxe, o concello no que se aloxaron os visitantes, o tipo de aloxamento dos que fixeron noite na Ribeira Sacra, a media de noites, o gasto medio ou o xénero das persoas que participaron na enquisa. Polo que respecta á calidade do acceso aos embarcadoiros foi ben valorado, xa que os resultados determinan que unha alta porcentaxe dos usuarios, o 72%, mostrou a máxima puntuación mentres que un 22,5% outorgou unha puntuación de 4 sobre 5, tanto nas medidas de hixiene como na protección contra a Covid-19, algo que este ano preocupaba. Tamén a limpeza das embarcacións, que tivo resultados positivos e, nese senso, comprobamos como case o 80% dos usuarios de ambas rutas valoraron coa máxima puntuación as medidas de hixiene e protección adoptadas fronte a Covid-19.

Nos aspectos referidos ás características das embarcacións, a metade dos viaxeiros deu a máxima puntuación á comodidade das embarcacións, o 35,6% valorouno cun 4 e o 11,5 % que o valorou cun 3. Tamén se valorou a amabilidade do persoal que presta atención telefónica ou por correo electrónico adicado á venda de billetes, para reservas... Un traballo importante que fixemos este ano foi a devolución de billetes, no que continuamos traballando.


Conclúe que a información turística deuse en dixital a través de códigos QR como medida de prevención nos embarcadoiros e desapareceu o papel como medida de prevención, pero a valoración non foi tan positiva como se esperaba xa que os viaxeiros preferían papel, igualmente. Non obstante, ante a crise sanitaria tomouse esa decisión.

6.-Resumo de execución do Plan Estratéxico de Turismo 2017 -2020.

Toma a palabra dona Pilar García Porto para explicar que a institución provincial conta con un Plan de Turismo en vigor que comezou no 2017 e remata este ano. Neste plan de turismo provincial ordenábase a gobernanza integral do destino a través da reorientación da xestión turística e, por iso, se creou o Consello

15

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	15/26




Provincial de Turismo. Trátase dun órgano colexiado de carácter consultivo e de asesoramento que ten como obxectivo canalizar a participación social dos axentes turísticos públicos e privados do territorio para colaborar na execución consensuada da política turística local coa fin de crear sinerxías e impulsar o desenvolvemento sostible e a mellora continuada do sector na provincia. Entre as funcións pódense destacar asesorar ao goberno provincial en materia turística, presentar iniciativas turísticas propias e recibir, analizar e debater outras propostas que sexan presentadas á Deputación, realizar o seguimento da execución dos plans de desenvolvemento turístico, orientar e deseñar actuacións destinadas á mellora e desenvolvemento da oferta turística, entre outras. Este órgano permítenos facer unha mellor cogobernanza do turismo na provincia.

Tamén se creou na web de turismo o apartado Espazo Profesional, un espazo habilitado na web da institución que está habilitado para ser punto de encontro entre os profesionais do sector e a administración provincial. Nel pódese consultar toda a documentación e información diaria que sae publicada polas administracións, consultar as novas vinculadas co sector, os internautas poden ter información sobre os Premios Lugo Cambia ao Turismo provincial e ...E para comer, Lugo á gastronomía; sobre a Mesa do Camiño, o Consello de Turismo, o Plan Único e outros proxectos emblemáticos. Co fin de dotar ao sector de recursos para a promoción do territorio, este apartado conta cunha serie de como aplicacións, vídeos, folletos dixitalizados ou o acceso, de xeito gratuíto, ao Banco de Imaxes da Deputación de Lugo para o seu uso e, durante o ano 2020, activouse un espazo denominado Información Relevante Covid – 19, onde se intentou aglutinar nun mesmo lugar toda a información que podía ser considerada de relevancia para o sector sobre a pandemia.

Resalta que, neste sentido, se elabora un informe anual no eido do turismo do que lle acabamos de dar conta nun punto desta Orde do Día xa que consideramos que un elemento clave da gobernaza é a transparencia nas accións concentrando a información para que sexa accesible e poñendoa disposición dos membros do Consello ante calquera dúbida que poida xurdir.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	16/26



A Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo sinala que outra pata importante na reorganización da xestión turística é a participación e colaboración na organización de diferentes eventos vinculados á innovación turística e ao intercambio de experiencias. Durante os anos que estivo en vigor o Plan Estratéxico destaca a colaboración na organización do Congreso Nacional de Turismo Experiencial celebrado en Lugo en setembro do 2020 e que foi un punto de encontro no que participaron máis de 50 relatores, personalidades e profesionais de referencia e que permitiu aos asistentes achegarse ao turismo experiencial e as diferentes posibilidades como motor para o enriquecemento cultural e económico local; creemos que a provincia de Lugo ten todos os recursos necesarios para achegarse ao turismo experiencial porque hoxe o viaxeiro non busca só un destino, se non que ademais quere marchar con algo que contar e con un sentimento que trasladar. Tamén celebramos o primeiro seminario de intercambio de experiencias no ámbito do turismo que foi organizado polo Eixo Atlántico e no que colaborou a Deputación de Lugo no ano 2017 e que tivo lugar en Monforte de Lemos. Outro foro que consideramos moi importante no momento e polo que recibimos felicitación foi o foro “Abrindo as portas: o rexurdir do turismo” celebrado de xeito telemático ao longo de xuño do 2020 dentro da campaña “EN LUGO, SI” e onde se puxeron en común en catro sesións as demandas, as perspectivas e as necesidades do sector turístico para a súa reactivación unha vez que se saíu do confinamento. Con iso, pretendíase facilitar a adaptación con garantías a todo o que esixe a nova normalidade e de aí que as testemuñas e participantes viñeran de moitos ámbitos do sector.

Destaca tamén a posta en valor dos recursos patrimoniais, culturais e naturais, de aí que se destinaran máis de 440.000 euros en axudas para celebrar só eventos gastronómicos no período 2017-2020, tendo en conta que moitos deles este ano se suspenderon debido a que os organizadores non se vían capacitados para celebralos con garantía e seguridade, mesmo a normativa non permitía facelo.

Relacionado co anterior, continúa, apostouse pola creación dos premios provinciais de gastronomía, esta foi a primeira edición. Xa estaba previsto pero

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	17/26




foi neste ano cando viron a luz por fin estes premios e a entrega dos seus galardóns.

Continúa recordando o traballo pola posta en valor das diferentes marcas gastronómicas de calidade existentes, sendo consciente desta importancia, leváronse a cabo accións como a creación na páxina web de Turismo dunha sección adicada en exclusiva aos produtos gastronómicos de provincia de Lugo con Denominación de Orixe, un espazo para a promoción dos produtos con Indicación Xeográfica Protexida ou a dun apartado adicado as razas autóctonas da provincia, onde se fai mención especial e achégase información da Galiña de Mos e do Porco Celta. E insistindo na posta en valor dos recursos patrimoniais, naturais e culturais, elaborouse un apartado na web, na sección de Turismo enogastronómico, onde se inclúe un espazo adicado as Rutas gastronómicas da provincia co fin de poñer en valor tres rutas significativas que se desenvolven na nosa provincia como son a ruta do Viño da Ribeira Sacra, a ruta da Faba de Lourenzán e a Ruta do Queixo e do Mel.

Creouse, continúa, unha axenda de eventos provinciais e destináronse máis de 160.000 euros para a revalorización das tradicións locais, que son elementos claves no ámbito do turismo cultural e concedemos axudas directas que tiveron como fin a recuperación desas tradicións. Así mesmo traballouse no impulso da promoción do patrimonio xeolóxico para o que se colaborou con diferentes asociacións e administracións locais co fin de potenciar o patrimonio xeolóxico nos territorios de referencia como son o concello de Burela, para a creación e divulgación da xeorutas polo seu territorio, ou o concello do Vicedo, para a realización de xeorutas polo seu territorio.

Dona Pilar García Porto menciona a creación dos premios Lugo Cambia ao turismo e detalla, para deixar plasmado na acta, que o concello do Vicedo, a fundación Uxío Novoneyra e a asociación de desenvolvemento rural Serra do Courel obtiveron este galardón. E tamén se ten en conta a organización de xornadas divulgativas para promover e revitalizar o territorio como as que se desenvolveron en 2019 na estación de científica do Courel en Seoane do Courel, e que estaba encamiñadas a promover o espírito emprendedor das persoas

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	18/26



participantes potenciando a súa creatividade e aproximando conceptos vinculados ao deseño de novos modelos de negocio no ámbito do Turismo Científico.


Detalla a aposta polo agroturismo a través de xornadas no ano 2018, sendo un punto de encontro entre profesionais e particulares que ofrece o turismo agroalimentario como motor económico do rural da provincia. Participaron 15 expertos que puxeron en valor as novas oportunidades que brinda o agroturismo.

A Vía Rexia do Norte tamén se impulsou participando en reunións dos concellos polos que transcorre a Vía Rexia do Norte, co fin de impulsar a súa mellora e traballar para que sexa recoñecida a súa oficialidade como ruta xacobeá. Continúa destacando o traballo no campo do enoturismo, un traballo que vimos facendo coa Asociación Provincial de Empresarios de Hotelería e Turismo de Lugo no período 2017-2020 para a realización de formación neste campo. Dona Pilar García Porto resalta tamén o apoio na realización de grandes eventos entre os que destaca un que move un territorio como é A Mariña, o Resurrection Fest, un festival xa consolidado que aporta unhas cantidades económicas importantes á hostalaría da Mariña.

Unha aposta clara polo Turismo Científico en Ancares – Courel, dende o 1 de marzo do 2019, as Montañas dos Ancares e o Courel recibiron a acreditación como Destino de Turismo Científico outorgada por Observer Science Tourism e que avala o potencial deste territorio como reserva científica. Este territorio engloba espazos naturais con distintos grados de protección medioambiental e que deben combinar de maneira eficiente a actividade turística coa protección dos seus valores naturais e culturais, o obxecto non é outro que protexer e conservar a biodiversidade, ao tempo que se fomentan actividades económicas e turísticas.

A través de toda a formación búscase a profesionalización do tecido empresarial, máis de 300 profesionais da hostalaría e do turismo da provincia beneficiáronse

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	19/26




da colaboración da institución coa Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo.

Tamén se levou a cabo un plan de promoción atendendo á demanda por eso, no ano 2018, se creou a web de turismo que albergaba un espazo propio deseñado para a promoción turística da provincia dispoñible tanto en galego coma en castelán. O obxectivo desta nova páxina era aglutinar toda a información que poidan precisar os visitantes e turistas que queiran achegarse ata a provincia de Lugo, así como a información institucional para profesionais e administrados. Tamén se elaborou un plan de comunicación para Redes Sociais co obxectivo de impulsar o crecemento e a transformación do sector turístico da provincia cun modelo máis competitivo, máis innovador e no que se incentive a participación, tratando de visibilizar o traballo da Área de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo a través das diferentes accións turísticas e culturais e tratamos de achegar a provincia de Lugo á poboación e xerar a necesidade de visitala nos usuarios das redes, con especial fincapé entre os habitantes da provincia cun turismo de proximidade. Isto inténtase facer para acadar estes obxectivos, potenciouse a presenza da área de Turismo nas principais redes sociais.

Recorda a creación de aplicacións turísticas, que xa se mencionaron anteriormente como Lugo Cambia 360, Inventrip ou Turisgalicia e a organización de Fam Trips que son un elemento clave para a promoción Offline e apostar ademais por que os profesionais do turismo coñezan a provincia de Lugo. Organizáronse dous ao longo de vixencia do PET 2017 – 2020, unha dentro da celebración de Termatalia de 2017, no que se contou cunha serie de touroperadores españois e do norte de Portugal, aos cales fíxoselles un percorrido en catamarán dende o embarcador de Ponte do Sil e, posteriormente, se lles convidou a unha visita ao mosteiro de Ferreira de Pantón, a adegas da zona e as instalacións dun dos hoteis balnearios da provincia. Quíxose pór en valor a contorna e a beleza natural e paisaxística da Ribeira Sacra, así como a riqueza dos viños do territorio. No ano 2019 incluíuse dentro do Fairway (Feira Especializada no Camiño de Santiago), un Fam Trip polo Camiño

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	20/26




do Norte no cal participaron 16 xornalistas e expertos en viaxes cuxo fin foi dar a coñecer e promover esta ruta xacobeá.

Para finalizar o apartado atendendo á demanda, dentro da promoción turística, aclara que se traballou con equipos e actividades deportivas como a Heroica. Gran Premio Turismo Deputación de Lugo, un campionato de natación no río organizado polo Club Natación Portamiñá e para o que se achegaron un total de 41.000,00 € no período 2017-2020; o Trofeo Vila de Portomarín, campionato de velas no río, organizado polo C.N. Xacobeo Vila de Portomarín; o Rally Turístico Terras do Incio, trátase dun rally de vehículos clásicos organizado pola Asociación de Amigos do Incio, que este ano por vez primeira en 2020 tivo todo o seu recorrido na provincia de Lugo, á cal fíxoselle unha achega de 12.000,00 € para o período 2017-2020; e o patrocinio do Club Monforte Team para a participación do Rally Dakar 2020, que fai unha promoción da provincia xa que en todos os encontros que teñen coa prensa teñen a obriga de promover a provincia.

A presenza en feiras fíxose con moita intensidade en anualidades anteriores, pese a baixa actividade deste ano debido á crise sanitaria, pero, dentro da asistencia a feiras relevantes, tanto dentro como fóra da comunidade galega, foi un dos obxectivos marcados dentro do PET 2017-2020. Estívose presente en diferentes eventos que tiveron como fin presentar as diferentes novidades impulsadas no eido do turismo por parte da Deputación de Lugo, así como achegarse ata os mercados considerados potenciais de turismo emisor e, por iso estívose en Fitur, Xantar, Fairway, Expocidades, Termatalia, Expovaciaciónes ou o Festival Marítimo de Pasaia, entre outras.

Explica que se apostou polo uso de material divulgativo e é por isto que dende a Deputación Provincial de Lugo promoveuse o deseño e a publicación de folletos turísticos sobre os catro xeodestinos e outro centrado en “Sabores de Lugo”, sobre o potencial gastronómico da nosa provincia, e tamén editou un mapa turístico da provincia coa fin de dar publicidade aos recursos do territorio e ser de utilidade para a planificación de viaxes pola rexión. Finalmente, e co fin de promover as rutas fluviais, edítanse periodicamente trípticos informativos sobre os servizo de catamaráns co fin distribuílo entre os visitantes visitantes. Resalta

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	21/26



que tanto os folletos, mapas e trípticos están dixitalizados e a disposición do visitantes na web de turismo da Deputación de Lugo.

Conclúe detallando a adhesión de marcas nacionais e internacionais como a rede de Vilas Termas, a rede de Destinos Turísticos Intelixentes, a rede de Cidades e Territorios Creativos de España, o Eixo Atlántico, a Transrománica e Acevín.

Con isto remata o resumo de actividades realizadas polo Servizo de Turismo da Deputación de Lugo dende a aprobación do Plan Estratéxico de Turismo en 2017.


7.-Rogos, preguntas e propostas

Toma a palabra don Francisco Xabier Almuíña Chorén coa fin de realizar unha reflexión sobre o modelo de consellos que se están a realizar. Apunta que hai talento suficiente nos membros do Consello de Turismo para ser algo máis que oíntes, xa que somos xente que levamos anos traballando nos nosos sectores e que, pese a que está ben que se rendan contas, temos que ser eficaces na comunicación. Afirmar que estar máis dunha hora escoitando algo que el xa leu con anterioridade é pouco operativo e sinala que só se puntualice algunha documentación e, o resto, pode darse por lido.

Don Francisco Xabier Almuíña Chorén precisa que bota en falta que se traballase no ano 2020 sobre a planificación do 2021 e anos posteriores, algo que, puntualiza non se tivo ocasión. Engade que hai elementos que está ben que aparezan no consello consultivo pero que continúa faltando máis sinerxía coas administracións. Un exemplo desta falta de comunicación é a adhesión á Ruta Transrománica e reclama que se informase ao consorcio de turismo da Ribeira Sacra e se falase coa Deputación de Ourense e outras administracións para presentar unha proposta común para engadir a todas as igrexas románicas da Ribeira Sacra. Ao mesmo tempo apunta que o Congreso de Turismo Experiencial foi deficiente por non pórse en contacto co sector que leva anos realizando este turismo.

Remata cun apunte sobre os catamaráns. Sinala que o Plan de Sostenibilidade Turística da Ribeira Sacra unha das liñas nas que traballa é extraer o gasóleo dos

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	22/26



ríos e promover o cambio dos catamaráns actuais por uns de enerxía renovable. Os cidadáns e turistas o que percibimos e que cada administración traballa por separado e, sinala, neste Consello Provincial de Turismo estamos para escoitarvos pero tamén para propoñer accións.

Toma a palabra a representante da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia, dona Beatriz Pérez Pereira, para continuar co sinalado por don Francisco Xabier Almuíña Chorén. Realiza unha pregunta á Deputada de Promoción do Territorio e Turismo para coñecer que se tivo en conta para a selección de Igrexas Románicas da Ribeira Sacra xa que non considera que este territorio estea representado na selección. Continúa sinalando que o Congreso de Turismo Experiencial debeu contar con profesionais e ao mesmo tempo controlar.

Continúa tomando a palabra don Ángel Trabada Gómez, representante da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na provincia de Lugo, que apunta que só atopa unha actividade vinculada ao Camiño de Santiago, como é a realización da ruta xacobeá do Norte por 16 xornalista e expertos, e puntualiza que a provincia de Lugo é a provincia española que máis Camiños de Santiago ten e, polo tanto, solicita unha vía para a comunicación coa institución provincial e, deste modo, facer propostas de iniciativas dende a Asociación e incluílas na orde do día dos Consellos de Turismo para promover as rutas xacobeas.

Dona María Nuria Neira Vila solicita a palabra para reivindicar un turismo accesible porque permite a mobilidade de moita xente e reclama unha maior accesibilidade tanto na zona da montaña lucense como nos tramos do Camiño de Santiago menos adaptados. Puntualiza que deben terse en conta xa que permiten unha gran mobilidade, xa que achéganse a persoa con discapacidade e a súa familia ou asistentes persoais. Conclúe solicitando que se teña en conta que permitan unha maior accesibilidade as rutas e ter en conta que moitas persoas con discapacidade estarían dispostos a achegarse á provincia.

Toma a palabra a Deputada dona Pilar García Porto para responder as cuestións. Apunta que unha obrigação por parte do Goberno provincial no Consello de

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	23/26



Turismo é dar conta das actuacións e fomentar a transparencia e incide que se desde a institución non se realiza este resumo de pór abertamente o traballo, moitas accións pasarán inadvertidas. Doutra banda sinala que outro tema no que coinciden algúns dos rogos é que queren facer achegas e, para iso, afirma que se deben achegar ao servizo de turismo as iniciativas e falar coa deputada e incluílas se é necesario na orde do día e elaborar unha documentación. Dona Pilar García Porto recorda que a Deputación de Lugo planifícase en función a un orzamento e, polo tanto, todo o que se vai realizar en 2021 está planificado para a súa incorporación dende hai meses, se se quere facer algo novo habería que coñecelo xa e, en función da acción poderase ter en conta. Polo tanto, se hai algo que se teña que debater traerase a este órgano consultor e nós queremos que nos tendades a man e facernos chegar aportacións.

Continúa sinalando que o ingreso á Ruta Transrománica podía facerse de distintos modos pero a Deputación é unha institución provincial que promoveu a incorporación da provincia de Lugo a esta ruta cultural. Como se promoveu dende aquí fíxose con parte do territorio, que se espera poder ampliar, e por iso se seleccionou un monumento de cada un dos dez concellos da Ribeira Sacra lucense, porque non se van incorporar recursos da provincia de Ourense a unha ruta da provincia de Lugo, tería que ser outro ente pero non unha institución provincial. Fíxose unha selección de dez igrexas, recollidas nunha guía de referencia e, a partir dese momento, se recolle unha por concello. Fíxose así para que os concellos que son a quen nos debemos e quixemos que cada un deles estivese representado. Non quedou ningún concello da Ribeira Sacra sen representación e ese foi o criterio que se seguiu.

En canto ao Congreso do Turismo Experiencial, dende a institución provincial estamos encantados de colaborar con este evento e esperamos que se poida colaborar en futuras ocasións. É certo que hai cousas a corrixir pero dende a Deputación de Lugo facilitouse unha sede e realizouse unha achega económica pero non é organizadora, se non que só é colaboradora. Nós fomos os primeiros en facerlle chegar á organización que ían cos tempos moi xustos, sen embargo trasladóusenos que os tiñan medidos.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	24/26




Dona Pilar García Porto recoñece que está de acordo coa proposta realizada por don Francisco Xabier Almuíña Chorén en canto a retirada do gasóleo dos ríos da Ribeira Sacra incluído no Plan de Sostenibilidade Turística da Ribeira Sacra. Afirma que hai unha entidade que vai xestionar eses recursos e, polo tanto, estase agardando a coñecer as liñas de colaboración con outras entidades, deste modo poderase mellorar os barcos e cambialos. Estamos pendentes da publicación dos diferentes Fondos Europeos aos cales que poidan optar co fin de mellorar os barcos e reducir a seu nivel de contaminación, pero o orzamento deste ano da área de turismo desta institución non chega para cambiar un só barco. Por iso hai que ser conscientes da realidade na que vivimos e agora estamos moi contentos porque acaba de darse a coñecer o Plan de Sostenibilidade Turística da Ribeira Sacra, xestionando os Fondos a administración autonómica e vamos a ver que liñas hai a través dese plan e si podemos acceder a algunha. E, en todo caso, chegáronos hai poucos días e estamos analizando en detalle porque non participamos en ningunha reunión nin se nos pediu ningún tipo de colaboración pero estamos interesados en promover a Ribeira Sacra a través dos nosos recursos.

Recorda que a Deputación de Lugo non ten as competencias directa no Camiño de Santiago. Continúa recoñecendo que Lugo é unha provincia moi diversa e colabórase co Camiño pero o Xacobeo é o organismo que se centra neste recurso e nós estamos aquí coa man tendida para ser parte pero non todo. Somos conscientes da riqueza que teñen os Camiños de Santiago nesta provincia, que non só se fala dun, e traballamos para impulsar o Camiño de Inverno pero a institución que conta con fondos para os camiños é outra e nós temos fondos limitados. Recorda que si se ten algunha proposta recibírase e analizarase para poder impulsala dende a Deputación.

Por último detalla que a institución provincial ten pendente para 2021 unha mellora na accesibilidade na Ruta do Viño da Ribeira Sacra e temos outras pendentes. Somos conscientes que é un público que cada vez demanda maior participación no turismo e gustaríanos ser un modelo a seguir no futuro neste eido e dando pasos pouco a pouco.

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	25/26



Dona Pilar García Porto remata a intervención agradecendo a participación.

Non habendo preguntas, dáse por finalizada a sesión do Consello de Turismo, sendo as 20:00 horas.

V. e pr.
O Presidente do
Consello Provincial de Turismo

O Secretario

José Tomé Roca

José Antonio Mourelle Cillero

	IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Fecha y Hora	09/02/2021 08:51:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HQGX4YFX7VOELAIYRKMXTKU	Página	26/26

